



Nada na actual Malabo (Guinea Ecuatorial) en 1943, a poeta **Elsa López** é catedrática e Doutora en Filosofía, ademais de fundadora e directora de Edicións La Palma dende 1989. Membro correspondente da Real Academia de Córdoba de Ciencias, Belas Letras e Nobres Artes, Embaixadora de Boa Vontade da Reserva da Biosfera Illa da Palma ante a UNESCO e Medalla de Ouro do Goberno Canario 2016. Recibiu ademais o Premio de Investigación José Pérez Vidal (1993), o Taburiente 2018 e o Emilio Castelar 2019. Presidiu a Sección de Literatura do Ateneo de Madrid (1987-88) e tamén o Ateneo de La Laguna (2011-2013), así como dirixiu a Fundación Antonio Gala para Creadores Mozos/as (2002-2006).

En poesía publicou *El viento y las adelfas* (1973), *Inevitable Océano* (1982), *Penumbra* (1985), *Del amor imperfecto* (1987), *La Casa Cabrera* (1989), *La Fajana Oscura* (1990), *Cementerio de elefantes* (1992), *Al final del agua* (1993), *Tránsito* (1995), *Magarzas* (1997), *Mar de amores* (2002), *Ministerio del aire* (2003), *Quince Poemas (de amor adolescente)* (2003), *La pecera* (2005), *A mar abierta* (2006), *Travesía* (2006), *De la A a la Z Canarias* (2008), *Ofertorio* (2008), *Solo de amor* (2008), *A la Virgen de Las Nieves* (2015), *Viaje a la nada* (2016), *Últimos poemas de amor* (2018) e o máis recente, *Hospital de mariposas* (2020). Por eles foi aínda galardoada con premios internacionais coma o Cidade de Melilla (1987) ou o Rosa de Damasco (1989), nacionais coma o José Hierro (2000) ou o Cidade de Córdoba Ricardo Molina (2005). Os seus poemas, que teñen sido incluídos en antoloxías nacionais e internacionais, foron traducidos ao árabe, francés, inglés, italiano, neerlandés e portugués.

ESTUDIANTES DE ABRIL

A los estudiantes de Nicaragua.

*Éramos jóvenes.
Terriblemente jóvenes.
Impulsivamente jóvenes.
Maravillosamente jóvenes.
Así éramos.
Y entonces llegó el frío,
las hienas y el sacrificio ritual de los inviernos
cuando se acaba el aire,
lo verde de los ríos, el canto y la alegría.
Llegaron los cuchillos, el fuego y las cenizas.
Las calles se llenaron de voces y de lápidas,
y nosotros, los jóvenes brillantes del futuro,
rodamos por el suelo cubiertos de metralla.
Nosotros, feroces enemigos de la patria
según sentencia el miedo,
cubrimos las cunetas de todas las ciudades
que declaramos libres.
Nosotros, terriblemente jóvenes,
impulsivamente jóvenes,
maravillosamente jóvenes.
Ya muertos para siempre.*

(Inédito)

←
(ELSA
LÓPEZ)

Luns 26 de outubro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es




Poetas Di(n)versos ²⁰²⁰

Elsa López



CORUÑA
PRÓXIMA



Autor dunha extensa obra literaria, **Ramón Caride** Ogando (Cea, Ourense, 1957) é biólogo e foi profesor de ensino medio. Dende o poemario *Paisaxe de verde chuvía* (1986), publicou ducias de títulos de moi variados xéneros. A súa narrativa conta con obras tan destacadas como as novelas *Soños eléctricos* (Premio Blanco-Amor, 1992), *Sarou/Louzós* (Premio Café Dublín, 2012), *O frío azul* (Premio Lueiro Rey 2007, Premio Templis 2012), *O sangue dos camiños* (Premio Risco de Literatura Fantástica, 2014), *Terra queimada* (2017) e *O camiño da Estadea* (2016), así coma os libros de relatos *Flash-Black 13* (2014), *Endogamia 0.2* (2013), *Liquidación de existencias* (2016), *Singamia 1.1* (2018) e *Historias (in)certas* (2020). Varias destas obras foron traducidas e editadas tamén en Portugal, España e México. Cultiva, ao mesmo tempo, outros xéneros coma o ensaio: *O gume dos espellos*, *Catro x 34*, ou a literatura infantil: *Andanzas de Xan Farrapeiro* (2009), *A pomba dona Paz* (2012) –ambas premiadas co Frei Martín Sarmiento–, *As viaxes de Ruki* (2014), *Sara ten un segredo* (2018) ou *VdeBestiario* (2020). Na súa obra xuvenil destaca a serie das aventuras de Said e Sheila, ilustrada por Miguelanxo Prado, moi reeditada e traducida a distintos idiomas, con títulos como *Perigo Vexetal* (Premio Merlín 1995), *Ameaza na Antártida* (1997), *O futuro roubado* (1999) ou *A negrura do mar* (2006), Premio Frei Martín Sarmiento 2006.

No apartado poético, o volume antolóxico *As máscaras de Cronos* (2006), recolle a súa produción de 1994 a 2005, que inclúe, entre outros, os poemarios *Flor no deserto* (Premio Cidade de Ourense, 1994) e *Xeografía do sal* (accésit González Garcés, 1998). Até a data, *A chuva humana* (2011) e *Criptografías* (2009) son as súas últimas entregas poéticas publicadas.

OFRENDA

*Aos deuses do amor
porque non mandan guerras
nin piden sacrificios
fóra dos máis gozosos.*

*Aos amantes pasados
polo moito que amaron
e algo do seu amor
aínda redime a terra.*

*Aos amantes mortais
deste presente efémero
porque futuros beixos
invocarán os nosos.*

*Cando non haxa crimes
seguiremos amándonos
que la vida no es
sino fugaz destello
del que tan sólo amor
redime el duelo.*

←
(RAMÓN
CARIDE)

Luns 26 de outubro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas Di(n)versos ²⁰²⁰

Ramón Caride

